

DEFENDEMOS A PROFESIONALIDADE DOS EQUIPOS DE BANCA

Na reunión da Mesa Negociadora do XXIII Convenio Colectivo de Banca, celebrada hoxe, dende CCOO presentamos as nosas propostas en defensa da profesionalidade das traballadoras e traballadores de Banca. O noso obxectivo: asegurar o desenvolvemento da carreira profesional con criterios claros e obxectivos.

Para iso formulamos:

- Deseños de carreira profesional definidos e baseados en elementos obxectivos, con formación certificada e acreditación das competencias.
- Redución dos actuais niveis retributivos do Convenio, e vinculación de funcións a niveis mínimos: Funcións de Dirección: Niveis IV e V; de Asesoría e Xestión Comercial Niveis VI e VII; e resto de funcións Nivel VIII. Igualmente os seus equivalentes en Servizos Centrais.
- Concretar ascensos de nivel en función de parámetros medibles: antigüidade, desenvolvemento efectivo da función, formación e desempeño con éxito, incluíndo criterios de avaliación do desempeño e participación nos sistemas de retribución variable.
- Consolidación de retribucións voluntarias ou variables en nivel retributivo cando sexan recorrentes ou en función da antigüidade.

AEB insiste en ampliar os niveis retributivos, creando o nivel de Técnicos IX que, segundo nos transmiten: "*facilitaría o acceso ao Grupo, en función de unha mellora funcional,*" ademais de reiterar a súa petición dun nivel de entrada inferior aos actuais, para estimular a contratación.

CCOO manifestamos que unha decisión deste tipo debe estar vinculada a compromisos certos en creación de emprego, modalidades de contratación, períodos de proba e desenvolvemento profesional con equiparación aos niveis actuais nun prazo curto.

AEB, aínda que manifestou que estudará as nosas propostas, mantén a necesidade de flexibilizar funcións e retribucións para responder ás esixencias do mercado e da competencia. Igualmente, expresa a dificultade de concretar estas propostas no Convenio, remitindo a negociación nas Empresas. Insisten en que se xeran rixideces que non van cos tempos actuais, que requiren máis flexibilidade.

CCOO temos claro cara a onde queremos dirixir a negociación: un Convenio que dea resposta ás inquietudes profesionais, que obxectibe a retribución e que garanta a capacitación profesional dos equipos. AEB insiste en desregular (verdadeira acepción da flexibilidade na súa opinión) e en baleirar de contido o Convenio Colectivo.

Na próxima reunión, fixada para o 11 de xuño, contestarán ás nosas propostas e abordaremos o seguinte bloque de negociación.

28 de maio de 2015



**É tempo de avanzar
É tempo dun bo convenio**